



En el pueblo de Celavente
inventaron un teatro
pra formar unha danciña
o día oito de marzo.

Fáltanola directora
¿a quen vamos a poñer,
a Marina ou a Celia,
Conceución da Cotarela?

Unhos dicen que a Marina,
i outros dicen que a Celia,
i ese mando pertence
á Conceución da Cotarela.

A Zurda leva o bajo
i o Chico leva a trompeta
i o Tomás toca o bombo
i o Sodón a pandareta.

O sisofón o Facundo
i o Nicleto o clarinete
i o Salvador o requinto
i os platillos o Minchiño.

Aún nos falta, señores,
a cousa máis elegante:
o Ricardo do Barcelona
ofreceuse pra danzante.